

A terra de Celanova na Idade Media*

FRANCISCO JAVIER PÉREZ RODRÍGUEZ
BEATRIZ VAQUERO DÍAZ
MERCEDES DURANY CASTRILLO
UNIVERSIDADE DE VIGO

O obxectivo deste traballo é estudar o espacio xeográfico no que o mosteiro de Celanova tivo unha importante presenza señorial ao longo da Idade Media.

Hoxendía, a Terra de Celanova, comprende os concellos de Cartelle, A Merca, Gomesende, Quintela de Leirado, Ramirás, Celanova, A Bola e Vereá¹. Sen embargo, na Idade Media, o ámbito espacial do señorío xurisdiccional do mosteiro rebasa amplamente a actual comarca, quedando excluído o actual concello da Merca.

* Este traballo foi realizado dentro do Proxecto de Investigación "O bispado de Ourense na Idade Media: documentación e estudos", concedido pola Universidade de Vigo na convocatoria do ano 2002.

¹ MARTÍNEZ-RISCO DAVIÑA, L., LÓPEZ MARTÍNEZ, X.A.: Terra de Celanova, León, Everest, 1993.

A TERRA DE CELANOVA ACTUAL



Polo tanto, neste traballo, referirémonos aos concellos que conforman hoxe a actual comarca da Terra de Celanova, con excepción da Merca, máis os de Arnoia, Cortegada, Padrenda, Bande, Lobeira e parte dos de Castrelo de Miño e Lobios.

A TERRA DE CELANOVA NA IDADE MEDIA



O que pretendemos estudar é a conformación do espazo xurisdiccional neste territorio, tendo en conta: 1) que o mosteiro de Celanova exerceu a súa xurisdicción noutros lugares, como Cualedro ou Verín; e 2) que neste espazo exercen xurisdicción, como se verá, non só Celanova senón tamén outros señores, como el rei ou o mosteiro de Ramirás.

Por outra parte, hai que lembrar que o patrimonio territorial do mosteiro celanovense estendeuse por éste e outros espazos, independentemente de quen exercera a xurisdicción. Así, por exemplo, no concello de Milmanda, que pertencía a el rei, Celanova era un dos principais propietarios.

En definitiva, pretendemos analizar como se reparte o espazo entre o Miño e o Limia entre diferentes señores xurisdiccionais durante a Baixa Idade Media, centrándonos especialmente no señorío do mosteiro de Celanova para mostrar como se exerce e que rendas se obteñen deste poder xurisdiccional.

Para elaboralo temos usado básicamente a Colección diplomática do Mosteiro de Celanova na Baixa Idade Media, séculos XIII-XV, de Beatriz Vaquero², a do mosteiro de Ramirás, de Manuel Lucas³, así como a documentación real publicada⁴. Hai así mesmo que mencionar a utilización de O Tombo de Celanova⁵, a historia do mosteiro de frai Benito de la Cueva, do século XVII⁶, e os traballos de Oiga Gallego e Francisco Xavier Río Barxa sobre as xurisdiccions na provincia de Ourense no século XVIII⁷.

A Terra de Celanova a finais da Idade Media.

No mapa que presentamos sobre as "Xurisdiccions medievais na Terra de Celanova", atopámonos os seguintes espazos:

• Señorío do mosteiro de Celanova. De Norte a Sur son:

- O couto de Macendo de Montes.
- O couto de Arnoia.
- O xulgado da Vestiaria.
- A xurisdicción de Sande.

² Tese doutorallida na Facultade de Humanidades de Ourense ao 6 de Xullo de 2001. Inédita. A partir de agora cítase C.D. Celanova.

³ LUCAS ÁLVAREZ, M., LUCAS DOMÍNGUEZ, p.: S. Pedro de Ramirás. Un monasterio femenino en la Edad Media. Colección diplomática. Santiago, Caixa Galicia, 1988.

⁴ Principalmente GONZÁLEZ, J.: Alfonso IX, Madrid, 1944. RECUERO ASTRAY, M., GONZÁLEZ VÁZQUEZ, M., ROMERO PORTILLA, p.: Documentos medievales del reino de Galicia. Alfonso VII (1116-1157), A Coruña, Xunta de Galicia, 1998.

⁵ ANDRADE CERNADAS, J.M.: O Tombo de Celanova. Estudio introductorio, edición e índices (siglos IX-XII), Santia.Qo, Consello da Cultura Galega, 1995. Os documentos do Tombo (ata o ano 988) están publicados tamén por SAEZ, C. e SAEZ, E.: Colección diplomática del monasterio de Celanova (842-1230). I (842-942) e II (943-988), Madrid, Universidad de Alcalá, 1996 e 2000.

⁶ DE LA CUEVA, Fray Benito, Historia de los monasterios y prioratos anejos a Celanova. Edición, notas e índices por M^a Teresa González Balasch. Introducción por J. Ignacio Fernández de Viana y Vieites. Granada, Universidad, 1991.


⁷ GALLEGO DOMÍNGUEZ, O.: La organización administrativa territorial de la Antigua provincia de Ourense a mediados del siglo XVIII, Ourense, Museo Arqueológico, 1988.

Río BARJA, F.X.: Cartografía xurisdiccional de Galicia no século XVIII, Santiago, Consello da Cultura Galega, 1990.

- O xulgado da Encomuña.
- O couto de Rabal.
- O Val de Celanova.
- O xulgado de Bande.
- O couto de San Mamede de Grou.
- O señorío real comprende:
 - O couto de Espiñoso.
 - O castro de Vilanova das Infantas.
 - A vila de Milmanda.
 - A vila de Lobeira.
- Así mesmo, aparecen:
 - Señorío do mosteiro de San Pedro de Ramirás (San Martiño de Valongo, Santiago de Xacebás e o do propio mosteiro);
 - Señorío do mosteiro de San Martiño de Grou (coutos do mosteiro e de San Bartolomeu da Fraga).
 - O xulgado de Castrelo de Miño ou Pontecastro, señorío da arde de San Xoán do Hospital.
 - A couto do priorato de San Munio de Veiga, señorío da arde de Santiago.
- E, por último, aqueles señoríos de carácter periférico pertencentes a outros señores (Prado de Miño, Vide de Miño e Astariz; Sabucedo de Montes, Couxil e Meréns).

A continuación estudiaremos individualizadamente as seguintes zonas: Empezaremos polo espacio ao Norte do Arnoia, para seguir ca ribeira dereita do Limia e rematar co espacio central deste territorio, no que se sitúan Celanova, Vilanova, Ramirás, Milmanda e o castelo de Santa Cruz.

XURISDICCIÓNS MEDIEVAIS NA TERRA DE CELANOVA



1.- O espacio ao Norte do Arnoia.

A xurisdicción de Castrelo de Miño durante os séculos XII e XIII alternou entre a súa pertenza ao reguengo e á arde de San Xoán de Xerusalén ou do Hospital. En 1172, a arde recibíaa por primeira vez de Fernando 11, se ben uns vinte anos despois volvía a mans rexias por obra de Alfonso IX, quen a tomou á Orde. A xurisdicción permanecerá como reguengo durante practicamente todo o século XIII, voltando á arde do Hospital en 1281, cando Alfonso X a Sabio concedeulla de novo a cambio dos castelos portugueses de Moura e Serpa.

a couto de Rabal é propio de Celanova desde a Alta Idade Media, e nel obtivo mediante doazóns e compras numerosas propiedades durante os séculos X e XI. A súa xurisdicción foi confirmada ao mosteiro, en 1145, por Alfonso VII⁸. Durante toda a Baixa Idade Media, Rabal foi cedido ás grandes familias nobiliarias da comarca: ós Limia no século XIV -e probablemente xa no XIII- e aos Sarmiento, condes de Santa Marta e despois de Ribadavia, no XV. Mentres estivo vinculado ós Limia, o mosteiro non tivo problemas para con eles: o couto era aforado, normalmente a dúas voces, e renóvase nas seguintes xeracións. Pero, a partires da segunda metade do século XV, os Sarmiento sucederán aos Limia e intentarán usurpar o couto a Celanova, polo que o mosteiro recurrirá ante el rey. Enrique IV, en 1467, ordena á Irmandade que devolva Rabal ao abade, e Pedro de Pazos, alcalde irmandiño, executa o mandato rexio⁹. É evidente que, pasada a época dos irmandiños, os Sarmiento usurparán de novo o couto a Celanova, vistas as protestas que en anos seguintes o mosteiro eleva á Audiencia de Galicia.

A este couto de Rabal aparecen sempre vinculados os casais de Bobadela, que seguen a mesma traxectoria que o couto.

Macendo de Montes parece ter seguido unha evolución parella ao couto de Rabal. De feito, na segunda metade do XV aparece incluído nos mesmos documentos e usurpado tamén polos Sarmiento. Sen embargo, a diferenza de Rabal, foi devolto a Celanova en 1486 por orde dos Reis Católicos¹⁰.

Pola súa banda, o couto de Arnoia ten a súa orixe nun mosteiro altomedieval que, antes do século XII, foi xunguido ao de Celanova, levando con el a xurisdicción. Pese a ser un dos coutos máis rendibles do dominio celanovense, Arnoia sufríu unha única usurpación, a finais do XIV, por don Alvar Rodríguez de Limia¹¹.

⁸ RECUERO, M.: Alfonso VII, nº 110.

⁹ Celanova, nº 578 e 579.

¹⁰ C.D. Celanova, nº 790.

¹¹ C.D. Celanova, nº 188. *...E otrosí que vos el dicho Alvar Rodrigues de Limia que tenedes en encomienda contra voluntad del dicho abad et del dicho convento el coto de Arnoya, que es del dicho monesterio, de la qual encomienda dixo que levavades de cada anno quinientos maravedis...*

A historia do castelo e da terra de Sande é un pouco máis difícil de establecer, e está moi en contacto coas terras ao outro lado do Arnoia, concretamente á vila de Milmanda e ao veciñocastelo de Santa Cruz. O castelo de Sande e a súa terra foron doados, en 1141, por Alfonso VII ao mosteiro de Celanova¹², se ben xa no ano 1218, o castelo estaba de novo en mans de el rei. Nesta data o casteleiro que por el rei tiña os castelos de Sande e Santa Cruz era demandado por Celanova ante Alfonso IX. Na súa sentenza, o monarca prohibía ao casteleiro entrar nos coutos do mosteiro próximos aos castelos, principalmente a terra de Montes e o couto de Riba de Miño. Dise expresamente "que o mordomo de el-rey non debe poñer caritel nin encausar a ninguén nin en Montes nin en Anfeoz¹³". Así pois, dá a impresión de que o castelo de Sande quédase sin xurisdicción na súa terra inmediata, que é de Celanova. Nesta situación parece estar ata principios do século XV, cando, en 1430, Xoán II ordeaba restituir *el castillo de Sande*, que *era del dicho su monesterio*, pese a que fora o mesmo rei quen o entregara ao casteleiro que nel estaba nesas intres¹⁴.

Non temos documentados conflitos entre os casteleiros de Sande, de nominación rexia, e a terra que rodeaba ao castelo, señorío do mosteiro, pero coidamos debeu habelos. Por outra parte, sabemos que en 1380 a terra de Sande estaba usurpada, xunto ao couto de Arnoia, por don Alvar Rodríguez de Limia¹⁵.

2.- A ribeira Norte do Limia.

O xulgado ou terra de Bande pertence a Celanova desde mediados do século X, concedido por Ramiro II en 949, e o mosteiro parece posuílo sen problemas ata finais do século XIV. Bande non aparece conformado como simple couto senón como xulgado, xurisdicción ou terra, o que supón que ten unha ampla extensión territorial. Así mesmo, a súa administración é máis complexa ao abranguir a un maior número de xentes sobre o que se exerce o poder. Nestes casos, o mosteiro ten que contar cos representantes da terra, que compoñen un concello que, alomenos a finais da Idade Media, está perfectamente organizado, poidendo chegar a disputar ao mosteiro o propio señorío sobre a terra. Este é o caso do concello de Bande, que reúne baixo un carballo das inmediacións da igrexa de San Pedro ós representantes das parroquias que o compoñen.

En 1486, o Concello de Bande ten a suficiente forza para converterse en interlocutor directo do mosteiro e chegar a un acordo sobre o pago dos tributos nesa terra¹⁶. Este intento de acordo fracasa, e ao ano seguinte o Concello diríxese aos

¹² ... *illud castellum de Sandi cum omni sua hereditate et sua voce et caritello quem habet inter Minium et Arnoium fluuis, qui ex utraque parte illius castelli discurrunt*. RECUERO, M.: Alfonso VII, n° 90.

¹³ ...*quod maiordomus de regalengo non debet ponere caritellum nec incautare aliquem in Montibus nisi Anfeoz*. C.D. Celanova, n° 7. Publicado en GONZÁLEZ, J.: Alfonso IX, n° 358.

¹⁴ C.D. Celanova, n° 285.

¹⁵ (Alvar Rodríguez de Limia) ...*que tenendes en encomienda contra su voluntad toda tierra de Sande, que es del dicho monesterio del qual dicho tierra dixo que levades pan et vino et servijios et todos los otros derechos que pertenesçen al dicho monesterio*. C.D. Celanova, n° 188.

¹⁶ C.D. Celanova, n° 776.

representantes dos Reis Católicos en Galicia, iniciando un pleito que chegará á Real Chancillería de Valladolid, prolongándose no século XVI¹⁷. O mantemento deste preito durante máis de vinte anos demostra, por unha banda, a férrea vontade dos homes de Bande de saír da xurisdicción monástica e, por outra, a capacidade económica do Concello, que puido pagar todos os gastos derivados do preito nas diversas instancias que foi presentado. Hai que resaltar, ademais, que neste tempo, tiveron que soportar roubos, prendementos e agresións que, no caso máis extremo, supuxo a morte dun dos representantes do concello.

O outro espazo xurisdiccional celanovense neste ámbito xeográfico é o cauto de San Mamede de Grou ou Grou de Celanova, en posesión desde a Alta Idade Media, e que foi entregado en encomenda a Don Xoán Rodríguez de Biedma, señor de Monterrei, no 1392¹⁸, sen que teñamos outras noticias sobre el.

Pouco podemos dicir do priorato de San Martiño de Grou, do que non temos documentación. A súa primeira noticia coñecida é de 1095 e, probablemente, poucos anos despois, adoptou a regra de Santo Agostiño. O seu dominio xurisdiccional, aínda vixente no século XVIII, comprendía as parroquias de San Martiño e Santa Cruz de Grou máis a de San Bartolomeu da Fraga, que con toda seguridade foron cedidas ao mosteiro na Idade Media¹⁹.

A vila de Lobeira foi fundada por Alfonso IX en 1228. Nese ano concedíalle fuero, ordeando que os poboadores non superen o número de 300, poi den do vir, a maiores, a poboala xentes de Portugal. O monarca sinala os límites do alfoz de Lobeira no reino de Galicia, deixando ao Concello que se entenda nas súas fronteiras co reino de Portugal²⁰. A diferenza do que veremos con Milmanda, a vila de Lobeira non deu problema algún ao dominio de Celanova.

3.- O espazo central do dominio: Santa Cruz, Milmanda e Vilanova.

Pouco sabemos do priorato de San Munio de Veiga²¹, do que restan escasos

¹⁷ C.D. Celanova, nº 799. Preito entre o mosteiro de Celanova e o concello de Bande sobre xurisdicción na terra de Bande.

¹⁸ C.D. Celanova, nº 201. *...damos et trespasamos en bos Johan Rodriguez de Bezma, vasallo del rey, la encomienda et tenençia de los nuestros lugares de Grou et de Faramontaos et de Pazos et de Verin con la presentacion de la yglesia de Atanes ...que tenga des agora et para syempre jamas.*

¹⁹ C.D. Celanova, nº 957-31. Año 1499. No pleito entre o concello de Bande e o mosteiro de Celanova figuran como testemuñas varios *...moradores en la feligresia de Sam Vertolame da Fraga, jurdiçion et sennorio del monesterio de Grou.*

²⁰ GONZÁLEZ, J.: Alfonso IX, nº547. O monarca Alfonso IX dá fuero á vila de Lobeira: *...do e otorgo a los pobladores de Lobeira por juro de heredad para siempre poseer por alfoz por estes terminos, conviene a saber: como se departe esa tierra de Lobeira por el agua de Cobelas, con el realengo de Caldes y con Montelongo, e desde ende como se departe por el otero de Cadoeus e desde ende como se departe con Libereyro, e que esos pobladores partan con Libereiro como podieren departir, y desde ende por el agua de Bouças a çima ...que esos pobladores sean trecientos de mi reyno e no mas... y si esos pobladores fueren mas de Portugal e de otra parte, mando que cumplan mi esta cosa por fuero y non mas...*

²¹ Da igrexa de S. Munio de Veiga quedan varios restos medievais: no interior un sepulcro e unha cruz procesional do século XII de estilo románico e influencia bizantina, e no exterior, un relieve gótico coa Anunciación e unha portada lateral con arco apuntado e arquivoltas decoradas, unha ventana románica no ábside, etc. MARTÍNEZ-RISCO, L.: Terra de Celanova, pp. 26-29.

documentos. Que no século XV estea á súa fronte un cabaleiro prior e no século XVIII pertenza á Orde de Santiago fan pensar que, en mans dunha familia nobre ou da mesma monarquía, foi cedido nun momento impreciso entre os séculos XII e XIII, á dita orde de cabaleiría.

O mosteiro de San Pedro de Ramirás, de orixe altomedieval, é xa feminino e bieito nos primeiros anos do século XII. Ao longo da Idade Media, o seu espacio xurisdiccional céntrase na zona que estamos a estudar. Xunto ao couto que rodea o mosteiro, Ramirás foi señor das parroquias de San Martiño de Valongo e Santiago de Xacebás. Deste xeito, posúe un dominio relativamente pequeno rodeado polos máis poderosos de Celanova e do concello de Milmanda.

Ambos os dous daranlle problemas, alomenos, durante a Baixa Idade Media. O concello de Milmanda intervú xeneralmente no couto monástico de dous xeitos: impedindo á abadesa nomear xuíz e notario no couto e, por outra banda, esixindo ós couteiros de Ramirás facer guardas na vila e contribuir ao mantemento en bo estado das súas fortificacións. No momento en que Milmanda pase a mans dos nobres laicos, estes substituirán ao Concello nas exaccións do señorío de Ramirás²². Pola súa banda, o mosteiro de Celanova usurpará os dereitos das donas no couto de Valongo, que limitaba coa Vestiaria²³.

O xulgado da Vestiaria é propio de Celanova desde a época altomedieval. Comprende as actuais parroquias de San Bieito de Rabiño, Santa María de Cortegada, San Bréixome de Refoxos e San Martiño de Zapaín. Durante os séculos XII e XIII é coñecido como couto de Riba de Miño, tal e como o confirma Alfonso VII en 1145²⁴. A comezos do século XIV recibe xa o nome de Vestiaria, aludindo á adscripción das súas rendas para a adquisición dos vestidos dos monxes²⁵. Conformaba, pois, unha obenza ao fronte da cal figuraba o vestiario. Celanova terá conflitos pola Vestiaria co concello de Milmanda, os casteleiros de Sande e Santa Cruz e a nobreza baixomedieval²⁶. Tal e como vimos en Bande, a Vestiaria tivo un concello propio pero, a diferenza de aquél, nunca se mostrou tan

²² As queixas da "ona" de Ramirás, O' Urraca Pérez, son as seguintes: *...los quales ditos cotos e lugares del dicho monesterio dize que non a de entrar juez ni merino alguno que sea a merindar ni e azer otra cosa alguna salbo el juez qu'ella o el convento del dicho monesterio pone por si (...)* *...que ponedes a los dichos cotos et vasallos del dicho monesterio en las taxas e pedidos et pechos e derramamientos me otrosi que los contrenides et apremiades que vayan belar a la dicha villa quada que en la t;erca dende et haser otras servidumbres algunas...* C.D. Celanova, nº 254. Ano 1419.

²³ *Ibidem. ...e otrosi que bos el dicho Diego de Fermosa asi como pertiguero que sois en Tierra de Çelanova, que fostes al coto de Valugo, que del dicho monesterio, et que prendistes y un hombre, e otrosi que vuestros ames por vuestro mandado que prendieron a otros ames dentro en el dicho coto del dicho monesterio et que los llebaste presos a Santa Cruz...*

²⁴ RECUERO, M.: Alfonso VII, nº 110.

²⁵ No ano 1307, Fernando IV ordeaa ao concello de Milmanda que non impida ao mosteiro poñer *...juezes et notarios en el su coto de la Vistiaria*. C.D. Celanova, nº 100.

²⁶ En 1460, O. Alvaro de Oca e o mosteiro de Celanova protestan pala usurpación do cauto da Vestiaria: *...nos toma por fort;a o sennorio do nasa cauto da nasa Vestiaria...* C.D. Celanova, nº 494.

En 1467, o monarca Enrique IV escoita queixas sobre *m la Bestiaria les tobo entrado et tomado et ocupado por fuerca e contra su boluntad don Alfonso Pimentel, conde que fue de Benavente, e despues de su fin gelo tiene don Juan Pimentel, su hijo, ordeando á Irmandade que a devolva ao mosteiro*. C.D. Celanova, nº 578.

belixerante fronte aos seus señores. Hai así mesmo que mencionar que na Vestiaria o mosteiro controlaba a barca de Filgueira, que atravesaba o Miño entre esta parroquia e a de Rabiño, producindo pingües beneficios. Alomenos, na Baixa Idade Media, a barca de Filgueira será obxecto de litixio co conde de Camiña, que era señor das terras ao outro lado do río²⁷.

A terra que nos resta por comentar analizarémola dun xeito diferente de como venimos facendo ata agora. A complexidade e as interrelacións entres as distintas xurisdicións, que se van modificando ao longo do tempo, fai necesaria unha aproximación cronolóxica para facer máis intelixible o proceso.

A principios do século XII, o mosteiro de Celanova ten xa unha longa tradición señorial na comarca, que se incrementará polas doazóns de Alfonso VII dos castelos de Sande, en 1141, e Santa Cruz, en 1145²⁸. Con estas doazóns Celanova, probablemente, pasaba a ser o señor de todo este espazo exceptuando os mosteiros de Vilanova, Ramirás e os seus coutos e San Munio de Veiga.

Estes dous últimos casos xa foron tratados, e, polo tanto, vexamos o caso de Vilanova. Fundado por Ilduara como mosteiro feminino no século X²⁹, a comunidade relixiosa probablemente desapareceu nos primeiros anos do século XI, pasando entón ao dominio rexio e utilizándose os antigos edificios conventuais como lugar de celebración de xuízos polos oficiais reais³⁰. O antigo dominio xurisdiccional do mosteiro de Vilanova, agora ligado a el rei, convertíuse así nunha illa reguenga rodeada pola xurisdicción celanovense.

Aproveitando o promontorio rocoso, cara a 1160 Fernando II ordearía construír unha torre, ao redor da cal establecerase a partir de entón un pequeno núcleo de poboación. Para a construción da torre, o monarca obrigou aos vasallos de Celanova a realizar o servizo de mamposta, eximíndoos del no ano 1179, o que fai pensar que nesta data a torre estaba xa levantada³¹. Os seus restos foron atopados, no interior da actual construción, nas excavacións dirixidas fai uns anos por Jose M^a Eguileta³². Esta torre primitiva, construída en mampostería e máis pequena que a que hoxe podemos contemplar, foi derrubada polos irmandiños.

²⁷ Véxase GALLEGO DOMÍNGUEZ, O.: As barcas e os barcos de pasaxe da provincia de Ourense no Antigo Réxime. Ourense, Boletín Auriense, anexo 24, 1999, pp. 55-56.

²⁸ *...illud castellum de Sandi cum omni sua hereditate et sua voce et caritello quem habet inter Minium et Arnoium fluuis, qui ex utraque parte illius castelli discurrunt...*

...castellum Sancte Crucis cum suis pertinentiis et cum omni sua hereditate et sua voceo
RECUERO, M.: Alfonso VII, nº 90 y 110.

²⁹ PALLARES MÉNDEZ, M^a C.: Ilduara, una aristócrata del siglo X, A Coruña, Seminario de Estudos Galegos, 1998, pp. 14-16, nota 29, y 124-125.

³⁰ ANDRADE, J.M.: O Tombo de Celanova, nº 513.

³¹ C.D. Celanova, nº 20. O privilexio contense nunha confirmación posterior de Alfonso IX. Véxase GONZÁLEZ, J.: Alfonso IX, nº 486. *...instrumentum donationis seu potius libertatis sive quitationis de mamposta de Villano va contra monasterium Cellanovense.*

³² EGUILITA FRANCO, J.M': "Sondeos arqueolóxicos en la torre de Vilanova (Celanova-Ourense). Memoria de urgencia", Gallaecia, 14-15, 1996, pp. 511-555.

A torre de Vilanova completa as fortificacións da comarca, xunto coas de Sande e Santa Cruz. Estas dúas últimas estiveron, moi probablemente, pouco tempo en mans do mosteiro de Celanova. A finais do século XII son de reguengo posto que teñen un casteleiro nomeado por el rei, e en 1218, Pedro Fernandi, "milite de Zeparín", é casteleiro de Santa Cruz e Sande ao mesmo tempo³³. Actualmente, das tres fortalezas só quedan en pé a torre de Vilanova e a torre de Sande, tendo desaparecido a de Santa Cruz. Hai que sinalar que en moitos traballos a fortaleza de Santa Cruz é situada na parroquia de Santa Cruz de Grou cando, en realidade, estaba *enna fleygrisia de Rio de Moyños*, no actual concello de Quintela de Leirado³⁴. Entre as tres fortalezas establécese unha xerarquía, que preside o castelo de Santa Cruz, do cal coñecemos o tenente durante todo o século XIII, cousa que non sucede con Sande e Vilanova. Só no caso mencionado de 1218 sabemos que o casteleiro de Sande é o mesmo co de Santa Cruz.

Nestes intres hai que facer referencia á vila de Milmanda, que recibiu foro de Alfonso IX en 1199, é dicir, que nace como vila de reguengo, e que xogará un papel trascendental na zona, especialmente fronte ao señorío de Celanova. No foro co que o monarca dota á vila, Alfonso IX parece querer desfacer os señoríos monásticos asentados no territorio: "Damosvos alfoz contra o reino de Portugal segundo se divide o reino de León co de Portugal, e segundo se divide donde o Arnoia entra no Miño, e polo río Sorga ata donde se divide Reboira de Rei con Santa Baia (de Berredo)"³⁵. Este espazo, o alfoz de Milmanda, coincide precisamente coa totalidade do territorio que estamos a tratar neste momento.

Parece difícil que se intentara verdadeiramente anular os privilexios xurisdiccionais de Celanova e Ramirás, pois de feito non temos noticia algunha de grandes enfrontamentos entre os mosteiros coa vila ou con el rei ata finais do século XIII. En 1287, o Concello de Milmanda é suficientemente forte como para preitear con Celanova polos seus coutos et *terminos* et *juyzes* et *pertigueros* et *mayordomos*, et *sobre caminos* et *carnicerias*³⁶. Uns anos máis tarde, en 1307, Milmanda quixo tirarlle a Celanova o seu señorío sobre a Vestiaría, impedíndolle nomear xuíz e notario no xulgado e, deste xeito, vincular a Vestiaría ao seu alfoz³⁷. Por outra banda, a principios do século XV, as monxas de Ramirás protestaban porque o concello pretendía que os couteiros do mosteiro foran *velar a la dicha villa e labrar en la gerca dende e haser outras servidumbres algunas*³⁸.

Este documento mostra como Milmanda era unha vila fortificada feito que, por outro lado, pode contemplarse aínda hoxe. Este carácter de fortaleza e a proximi-

³³ *Domnum Petrum Fernandi, militem de (:aparin tenentem castellum Sancte Crucis et castellum de Sandio* C.D. Celanova, nº 7. GONZÁLEZ, J.: Alfonso IX, nº 358.

³⁴ C.D. Celanova, nº 793-IX. O documento faise *...ena r;;ima do castelo de Santa Cruz que he ena fleygrisia de Rio de Moynnos*.

³⁵ GONZÁLEZ, J.: Alfonso IX, nº 126.

³⁶ C.D. Celanova, nº 78.

³⁷ C.D. Celanova, nº 100.

³⁸ C.D. Celanova, nº 254.

dade ao castelo de Santa Cruz suporá o declive deste como centro político da bisbarra. Este desprazamento do protagonismo político demóstrase cos tenentes que figuran á súa fronte. Coñecemos os casteleiros de Santa Cruz desde 1192, mentres que o primeiro tenente de Milmanda documéntase en 1233. Ata 1250 o castelo e a vila teñen tenentes diferentes e, a partir desta data, o tenente de Milmanda será tamén casteleiro de Santa Cruz, figurando sempre nos documentos primeiro como rexente da vila e, despois, do castelo. Na década dos 70 do século XIII é o propio concello de Milmanda quen aparece como tenente de Santa Cruz.

A vila, por expreso desexo da monarquía, convírtese así no núcleo máis importante da comarca a todos os niveis. A concesión do mercado e da feira, o control que exerce sobre o territorio e as vías de comunicación e o trasego de mercancías fan de Milmanda o único núcleo de carácter urbán da bisbarra. Isto non quere dicir que se transformase nunha grande entidade de poboación pero sí que é a única que posúe as funcións especificamente urbás, destacando claramente sobre Vilanova e Celanova, que aínda están sen desenvolver.

En 1217, tanto a vila de Milmanda como o castelo de Santa Cruz foron concedidos como dote por Alfonso IX ás infantas dona Sancha e dona Dulce, fillas do seu primeiro matrimonio³⁹. Aínda que Vilanova non aparece nomeada, hai que supor que vai incluída nesta dote, pois, como temos visto, a torre -xunto á de Sandeparece estar ligada ao castelo de Santa Cruz e, por tanto, tamén a Milmanda. Este infantado supuña o disfrute das terras e vilas outorgadas na dote sempre e cando as infantas non casaran, e volverá á monarquía unha vez as donas falezan. É moi probable que sexan estas fillas de Alfonso IX as infantas que deron nome a Vilanova, se ben o topónimo ligado a elas non se documenta ata o século XV⁴⁰.

Por outra banda, Vilanova separárase da xurisdicción de Milmanda ao redor de 1275. Dito ano era tenente de Vilanova dona María Afonso, filla ilexítima de Alfonso IX, mentres que de Milmanda o é don Johan Fernandez⁴¹. Isto supuxo a separación de Vilanova da demarcación de Milmanda, iniciando así unha traxectoria independente.

A nosa impresión é que Vilanova non chegou a conformarse na Plena Idade Media como un auténtico núcleo urbán, pois non hai constancia de que se lle teña concedido foro nin mencións documentais a alcaldes, mercado, rúas, cerca da vila, etc. A presenza da torre será o elemento a partir do que se vai desenvolver o

³⁹ GONZÁLEZ, J.: Alfonso IX, nº 342. *...concedo et confirmo filiabus meis donne Santie et donne Dulce ista castra, scilicet, Cabreiram de Baroncelli, Lobarcanam, Canderei, Portelam de Sanctio Johannis, Riberasm, Celme, Asperelo, Araugio, Sanctam Crucem, Burgum de Ripa Avie, Sanctum Iohannem de la Barra, Alleriz, Milmandam, et quantum aliud ad me pertinet in tata Límia.*

⁴⁰ *...eu Alvaro Gonçalves, escudeiro vesinno et morador eno castro de Vilanova das Ynfantas.* Ano 1443. C.D. Celanova, nº 329.

⁴¹ C.D. Celanova, nº 68. Lembremos que nesas datas -década dos setenta do século XIII-, o concello de Milmanda é o tenente do castelo de Santa Cruz.

núcleo, e a separación de Milmanda actuou, moi probablemente, como dinamizador da poboación. O establecemento en Vilanova dun xuíz e notario propios, ao convertirse en xurisdicción independente, fará posible o engrandecemento do núcleo. O seu crecemento faise evidente no século XV, cando está documentada unha rúa máis a muralla, na que se abrían dúas portas: a da Barreira e a de Baixo⁴².

Durante a Baixa Idade Media confírmase esta separación de Vilanova e Milmanda, se ben as dúas son cedidas por el rei á nava nobreza que se impranta na Coroa de Castela coa chegada da dinastía Trastámara. A finais do século XIV, Vilanova pasará a ser señorío de Don Xoán Rodríguez de Biedma e, a partir de entón, lígase ao destino da casa de Monterrei, formando parte dos dominios do seu primeiro conde, don Sancho de Ulloa. Pala súa parte, Milmanda foi concedida por Enrique III, en 1400, a don Alfonso Enríquez, quen poucos anos despois vendeuna a don Rodriga Alfonso Pimentel, quedando desde entón vence liada ao condado de Benavente⁴³.

Santa Cruz formaba parte da doazón rexia así como da venda, pero, en circunstancias que descoñecemos, o castelo pasou pouco despois ás mans de Celanova, pois en 1419 o pertegueiro do mosteiro utilízao como prisión⁴⁴. En 1460 era usurpado polo conde de Benavente, señor de Milmanda, o que provoca as protestas do abade, quen en 1467 obtén de Enrique IV a confirmación do seu dereito. Será a Irmandade, nese mesmo ano e por orde do monarca, quen devolva o castelo ao abade de Celanova⁴⁵. Isto demostra a diferente actuación dos irmandiños respecto á nobreza laica e eclesiástica: mentres que sistemáticamente atacan á primeira, derrubando a torre de Vilanova, restituirán á segunda o castelo de Santa Cruz.

Pasada a Irmandade, os vasallos do mosteiro veranse abrigados a pagar 120 marabedís vellos por cada casa para reconstruír a torre de Vilanova⁴⁶, mentres que Santa Cruz volvía a ser usurpada polo conde de Benavente. En 1486, o castelo volvía a poder de Celanova por orde dos Reis Católicos⁴⁷. Nestes intres, Santa Cruz non ten xurisdicción nas terras que o rodean⁴⁸ (que son de Milmanda) e isto marcará a súa ruína en poucos anos, de feito en 1498 o pertegueiro de Celanova utiliza o castelo de Sande como prisión para os homes de Bande⁴⁹.

⁴² Xoán Míguez, zapateiro, vende ao abade e ao mosteiro de Celanova unha casa en Vilanova por 950 marabedís. *A qual dita casa esta na rua que deçende da porta da Barreyra da dita vila de junto do muro da dita vila et sal et vay topar aa outra porta de baixo da dita vila,...* C.D. Celanova, nº 636. Ano 1474.

⁴³ C.D. Celanova, nº 211 e 236.

⁴⁴ *...e otrosi que vos el dicho Oiego de Ferosa asi como pertiguero que sois en Tierra de Çelanova, que fostes al coto de Valugo, que del dicho monesterio, et que prendistes y un hombre, e otro si que vuestros ames por vuestro mandado que prendieron a otros ames dentro en el dicho coto del dicho monesterio et que los llevastes presos a Santa Cruz...* C.D. Celanova, nº 254.

⁴⁵ C.D. Celanova, nº 494, 577 e 578.

⁴⁶ En 1481, as testemuñas do preito que enfronta ao mosteiro e ao concello de Celanova, declaran *...que o dito señor abbade lle fezera pagar de cada casa çento et vinte maravedis para a torre de Vilanova que derrubara a Yrmandade.* C.D. Celanova, nº 718.

⁴⁷ C.D. Celanova, nº 792.

⁴⁸ C.D. Celanova, nº 793-IX. En 1487 devólvese a Celanova o castelo e fortaleza de Santa Cruz con seus vasallos.

⁴⁹ C.D. Celanova, nº 957-XLIV.

4.- O espacio central do dominio: o Val de Celanova e a Encomuña de Soutobade.

Quédanos por analizar o espacio xurisdiccional inmediato ao mosteiro: a Encomuña de Soutobade e o mesmo Val de Celanova. Todo este territorio depende do mosteiro probablemente desde a súa mesma fundación, sendo confirmado sucesivamente por varios monarcas. A división entre a Encomuña e o Val aparece por primeira vez na segunda metade do século XIII, en 1265⁵⁰. A primeira extendíase ao sur do Arnoia entre as xurisdiccións de Vilanova, Milmanda e Ramirás; e a segunda, con centro no mosteiro, abrangue o val do Sorga máis as parroquias de Albos, Cexo (Santa María e Santo Adrao) e Bangueses.

A partir de mediados do XIII, cada unha delas confórmase como un xulgado independente dotado de institucións propias: concello, xuíz, notario e pertegueiro. Con esta nova organización do dominio xurisdiccional, Celanova imita os modelos administrativos concellís que a monarquía está a implantar nesta bisbarra, concretamente en Milmanda. Con el o, o mosteiro tentará evitar a atracción que sobre os seus vasallos exercen Milmanda, Allariz, Ourense e Ribadavia, segundo o demostra un privilexio de Fernando III datado en 1232. Nesta data, o monarca ordeaba que todos os foreiros de Celanova que quixeran ir a poboa esas vilas deixen as súas propiedades foreiras ao mosteiro e, por outra banda, que ninguén tome como vasallos aos homes xa dependentes de Celanova⁵¹.

Todo este proceso desemboca, pois, na constitución do Val de Celanova e da Encomuña como entidades concellís. O éxito do mosteiro na imprantación deste novo modelo administrativo evidénciase a finais do século, en 1287, polas protestas do Concello de Milmanda, que pretende controlar as carnicerías que Celanova ten na Encomuña e no Val⁵². Hai que engadir que estes concellos teñen un carácter esencialmente rural, tal e como vimos en Bande, e os seus centros rectores -Paizás e San Breixo de Celanova- non chegaron a constituírse en vilas. Por tanto, na Idade Media, Celanova non se configura en absoluto como núcleo urbán, reducíndose practicamente aos edificios monásticos e á igrexa parroquial de San Breixo.

A vitalidade dos Concellos do Val e da Encomuña vémolos a finais do século XV, cando inician un preito co mosteiro reivindicando a súa condición reguenga⁵³. A pesar delo, a verdadeira pretensión dos vasallos do mosteiro era liberarse dos

⁵⁰ C.D. Celanova, n° 60.

⁵¹ Véxase ANDRADE CERNADAS, J.M.: El monacato beneditino y la sociedad de la Galicia medieval (siglos X al XIII), A Coruña, Seminario de Estudos Galegos, 1997, pp. 169-170.

⁵² Avinza entre o concello de Milmanda e o mosteiro de Celanova sobre coutos, termos e os seus xuíces, mordomos e pertigueiros, camiños e carnicerías. C.D. Celanova, n° 78.

⁵³ C.D. Celanova, n° 718. *Iten preguntaredes aos ditos testigos se saben, creen, viran et oyron diser que os ditos comçellos do val de Çelanova et da Encomunya sejan realengos et pravilejados segundo ho teen por pravilejos dos reys de Castilla da boa memoria aos quaes nos referimos et damos para en prava de nosa entençon.*

malos usos que éste lle tiña imposto desde facía uns corenta anos: o pago dos chamados touciños de reguengo, a entrega dun carro anual de palla é outro de leña, o cobro de loitosas indebidas, a marcha á guerra co encomendeiro, etc.,⁵⁴. Os homes do Val e da Encomuña son plenamente conscientes da súa dependencia do mosteiro e das súas obrigas como vasalos, e por iso nas súas reivindicacións non van tan alá como os do concello de Bande, que solicitan en todo momento se lles recoñeza de feito a súa condición reguenga e a independencia xurisdiccional do mosteiro.

5.- O exercicio da xurisdicción.

Unha vez definidos os espazos onde o mosteiro de San Rosendo exerce a súa xurisdicción, veremos algunhas das facultades señoriais exercidas polo abade e o convento e as rendas que delas se derivan.

As principais facultades do mosteiro nas súas xurisdiccións son nomear xuíz e notario, é dicir, nomear aos garantes da xustiza e da lei. Aínda que non se recolle de forma expresa nos privilexios, o señor nomea así mesmo aos oficiais que executan as decisións xudiciais, que no caso de Celanova chámanse pertigueiros, e reciben o seu nome da vara ou pértiga, símbolo da autoridade da xustiza⁵⁵. A capacidade xurisdiccional que ten o señor inclúe así mesmo a execución das sentencias ata o propio axustizamento na forza, que se convirte verdadeiramente nun elemento simbólico dese poder e é colocada en lugares ben visibles ou moi concurridos. Así, por exemplo, cando o mosteiro recupera, en 1486, o cauto de Macendo de Montes, rápidamente levanta a forza no outeiro de Caleiro⁵⁶.

As facultades do señor atopámolas perfectamente resumidas nunha das preguntas que se farán ás testemuñas no preito de 1481 sobre a xurisdicción do mosteiro entre éste e os cancel los da Encomuña e do Val de Celanova. Nela podemos ler o seguinte:

Si saben que des dez et viinte et triinta et quorenta et çinquenta annos a esta parte et mays tempo que memoria de omes non he en contrario asi o abade que agora he commo dos outros que jasen pasados an estado en posison paçifica de

⁵⁴ Ibidem ... *Iten se saben etcetera que os vecinos dos ditos conçellos nunca lebaron lenna nin palla nin pagaron touçinno de serviço salvo o que devian por suas cartas de foro et que o dito abade con a dita força nos faze pagar de cada casa un touçino de serviço, o qual he contra dereito.*

Iten se saben etcetera que o dito abade nos poso ynposiçions novas deytandonos pedidos de dineiros para o conde de Monterrey et para a torre de Vilanova et leva loytosas que non son justas de lebar da dita terra, salvo cousa de quatro peas et que por aquilo nos leba peça de pana ou taça con grande força que nos faze de cada dia et asi mismo leba de loytosa a cuba con o vinno et a vaca con seu fillo, o qual non devia de lebar de dereito.

⁵⁵ O pertigueiro de Celanova mención ase por primeira vez nun documento de 1218, pero non existía un único pertigueiro celanovense, senon que había varios oficiais con ese nome ao servizo do señorío da abadía, o que fai pensar que existirían perteguerías territoriais. ANDRADE CERNADAS, J.M.: El monacato benedictino..., ob cit., pp. 168-169.

⁵⁶ C.D. Celanova, nº 793-II.

*theer jurdiçion çivil et criminal et merio et misto inperio en os ditos vasallos et faser et poer jues et justiçias et quitarlas quando vise que fose mester, et poer pertigeiro para as cousas da justiça et para as penas que se poen aos vasallos et de outras cousas que se devan de exsecutar*⁵⁷.

Como señor, o mosteiro de Celanova ten estes privilexios, pero, en función da súa condición eclesiástica, está imposibilitado, de feito, de executar os delitos de sangue, polo que precisa de persoas laicas que o fagan. Surxe así a figura do encomendeiro que, xeneralmente será un membro da nobreza, quen percibirá unha renda polo exercicio desta función. Esta será unha das vías principais que os nobres laicos utilizaron para usurpar distintas rendas ao mosteiro, fenómeno que se xeraliza en toda a Coroa a partir de mediados do século XIV. É o caso, entre outros, de Pedro Eanes de Araúxo, *que tenedes en encomienda contra su voluntad tierra de Vaande, que es coto del dicho monesterio, en los quales dichos vasallos dixo que echavades pieça de pedidos et de serviçios de dineros et de puerços et de toçinos et de pan et de bueyes et de vacas et de carneros et de otras cosas, e que si vos non lo davan que prendiedes los omnes del dicho coto et les fasiedes otras muchas sinrrasones*⁵⁸.

En definitiva, o mosteiro, como depositario do poder público, é tamén beneficiario dos servicios e tributos das xentes que viven no seu señorío.

En conclusión, a Terra de Celanova exténdese por boa parte da provincia de Ourense, entre os ríos Miño e Limia e o reino de Portugal, e está formada por varias xurisdiccións. Entre elas hai que resaltar as do Val de Celanova, a Encomuña, a Vistiaría e Bande, todas elas provistas dun concello alomenos desde mediados do século XIII.

Entre os séculos XII e XV este importante señorío monástico manterá unha constante pugna co reguengo, principalmente desde a fundación da vila de Milmanda, cara a 1200. Na segunda metade do século XIV, a nobreza trastamarista substituirá á monarquía nas confrontacións co mosteiro de Celanova polo poder na zona.

Xunto a estes grandes protagonistas, a vila de Lobeira, Vilanova das Infantas e os mosteiros de Grou, Ramirás e San Munio de Veiga apenas xogan un papel relevante nesta loita.

⁵⁷ C.D. Celanova, nº 718.

⁵⁸ C.D. Celanova, nº 188.